



Concello de Bueu

RF: PLN/2020/10-(SESIÓN ORDINARIA MES OUTUBRO 2020)

ANUNCIO

Expediente núm.:	Órgano colexiado:
PLN/2020/10	PLENO

DATOS DA CONVOCATORIA

Tipo Convocatoria	Ordinaria (sesión pública)
Data e hora	1ª convocatoria: 5 de Outubro de 2020 ás 20.00 h 2ª convocatoria: 5 de Outubro de 2020 ás 20.30 h
Lugar	<u>Sala multiusos do Centro Social do Mar (1º andar). Bueu</u> <i>A xustificación da celebración da sesión ordinaria do Pleno fora da casa consistorial é a necesidade de garantir o cumprimento das medidas de seguridade por mor do COVID19</i> Non admite participación a distancia

SEGUNDO: Que se realicen os trámites legais oportunos para levar a cabo a convocatoria e notificación aos membros deste órgano colexiado.

TERCEIRO: Que se fixe a seguinte orde do día.

ASUNTOS DA CONVOCATORIA

A) PARTE RESOLUTIVA

A.1.- Aprobación da acta da sesión anterior (núm. 2020-0009, ordinaria do 07.09.2020).

A.2.- Toma de posesión do cargo de concelleiro da corporación municipal de D. Alberto Moital Cerviño como concelleiro do BNG en substitución de Dna. Inmaculada Concepción Rodríguez Días. Expediente 2527/2020.

A.3.- Proposta de aprobación inicial de expediente de modificación de créditos 26/2020 por transferencia de créditos 10/2020 por importe de 34.000,00 euros. Expediente 2524/2020.

A.4.- Proposta da alcaldía relativa á determinación dos festivos locais correspondentes ao ano 2021. Expediente 2790/2017.

A.5.- Moción do GPM do PP para a creación dun espazo para autocaravanas.

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Concello de Bueu

R/ Eduardo Vincenti, 8, Bueu. 36930 Pontevedra. Tfno. 986390029.



Cod. Validación: 9C6ZGPHMPLN668Y44TFZ5CJ5 | Corrección: https://bueu.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 2



Concello de Bueu

RF: PLN/2020/10-(SESIÓN ORDINARIA MES OUTUBRO 2020)

B.1.- Comunicación da alcaldía da concesión de subvención ao abeiro do Plan Concellos 2020. LIÑA 1. "Subministración de vehículos: furgón con remolque, camión baldeador e camión con brazo grúa". Expediente 1032/2020.

B.2. Dación de conta ao pleno das liñas fundamentais do orzamento para o ano 2021. Expediente 2498/2020.

B.3.- Dación de conta dos reparos de legalidade formulados pola intervención municipal dende a derradeira sesión ordinaria.

B.4.- Dación de conta das resolucións de alcaldía ditadas dende a derradeira sesión ordinaria do Pleno.

C) ROGOS E PREGUNTAS

Na celebración da sesión plenaria se permitirá a asistencia de público ata un número tal de asistentes que permita o cumprimento de medidas de distanciamento impostas pola autoridade sanitaria e concretamente as que resultan do Real decreto lei 21/2020, do 9 de xuño e da RESOLUCIÓN do 12 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade, pola que se dá publicidade do Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 12 de xuño de 2020, sobre medidas de prevención necesarias para facer fronte á crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, unha vez superada a fase III do Plan para a transición cara a unha nova normalidade publicada no DOG núm. 115 de 13.6.2020, modificada pola RESOLUCIÓN do 25 de xuño de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Sanidade publicada no DOG. Núm. 126 de 27.6.2020.

O público asistente á sesión deberá cumprir, en todo momento, as medidas de distanciamento e seguridade impostas pola autoridade sanitaria competente e polo concello de Bueu e especialmente as seguintes:

1º.- Cumprir coas distancias de seguridade (mantemento da distancia interpersoal en todo momento).

2º.- Evitar cruces cando se faga uso de pasos ou vías estreitas onde non se poida gardar as medidas de seguridade, de ser o caso.

3º.- Deberán acudir provistos de máscara e realizar a hixiene de mans obrigatoria á entrada e saída do salón de actos facendo uso dos produtos de limpeza de mans (xel hidroalcohólico) situados en zonas comúns do Centro social do Mar.

4º.- Seguir, en todo momento, as indicacións do concello contidas nos carteis informativos.

5º.- Calquera persoa que experimente algún dos síntomas máis comúns compatibles con COVID-19, tales como febre, calafríos, tose, sensación de falta de aire, diminución do olfacto e do gusto, dor de garganta, dores musculares, dor de cabeza, debilidade xeral, diarrea ou vómitos non debe acudir á celebración da sesión.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE Á MARXE

Concello de Bueu

R/ Eduardo Vincenti, 8, Bueu. 36930 Pontevedra. Tfno. 986390029.

